

# O GOBERNO COMPROMÉTESE CON UGT E CCOO A RECOLLER NUN PRÓXIMO RDL O 2% PACTADO PARA MÁIS DE CINCO MILLÓNS DE EMPREGADAS E EMPREGADOS PÚBLICOS

12/03/2024

O **Acordo Marco para unha Administración do Século XXI** recolle **incrementos salariais e melloras** básicas e xerais nas **condicións laborais** do persoal das administracións públicas, sen prexuízo das competencias de negociacións de cada administración, a partir deste Acordo xeral.

En materia salarial, nos **anos 2022 e 2023 cumpríronse os obxectivos** marcados no Acordo Marco, polo que con carácter xeral todo o persoal empregado público tivo **máis dun 7% de incrementos fixos** aos que hai que sumar o **2% previsto** para este ano **2024**, quedando **pendente un 0,5%** máis cando se cumpran os obxectivos do **IPCA**.

O Goberno comprometeuse con **UGT e CCOO** a recoller nun próximo RDL o **2%** pactado como primeiro incremento de **2024** e que con carácter xeral aplicárase a todo o persoal de **todas as administracións e entidades públicas**.

Ambos sindicatos insistimos en que debe incluírse a **derrogación total do Decreto de 2012, comprometida** no Acordo Marco e devolverlle ao EBEP a xubilación parcial do persoal funcionario así como o carácter mínimo de permisos, licenzas e vacacións.

**UGT** instamos ao Goberno a iniciar inmediatamente a **negociación da xubilación parcial, clasificación profesional e adaptación ao MEC, Marco Europeo das Cualificacións Profesionais**.

